

ENDEBEDAMENTO AUTONÓMICO: PRESENTE E FUTURO

JULIO A. VÁZQUEZ NAVARRETE¹

Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Déficit autonómico; Endebedamento autonómico; Corresponsabilidade fiscal; Período transitorio de financiamento; Período definitivo de financiación; Comunidades Autónomas; Equidade interxeracional; Débeda autonómica; Sostemento do endebedamento; Ingresos autonómicos.*

Key words: *Autonomous deficit; Autonomous borrowing; Fiscal joint responsibility; Financing transitory period; Financing definitive period; Autonomous Communities; Intergenerational equity; Autonomous debt; Debt sustainability; Autonomous revenue.*

Resumo

A evolución dos déficits das comunidades autónomas de réxime común durante os últimos anos xerou unha expansión do saldo vivo do endebedamento autonómico que pode ocasionar, nun futuro próximo, unha situación de crecemento explosivo desa expansión.

A través dos distintos cadros incluídos no presente traballo, establécense escenarios de crecemento de débeda e déficits autonómicos para o período 1992-2000. Así se comprende facilmente a dificultade de controla-lo crecemento explosivo do endebedamento autonómico e asegura-lo seu sostemento. E de aí a necesidade de controis máis estrictos, posto que de non ser así tenderán á autoalimentación indefinida dos déficits presupostarios.

Abstract

The evolution of deficits of autonomous communities of common regime in later years has generated an expansion of the current balance of the autonomous indebtedness which can cause, in a near future, an explosive growing situation.

Through the different tables shown in this paper, a framework for the increase of autonomous borrowing and deficits for the period 1992-2000 is established. In this way, it can be easily understood the difficulty of controlling the explosive increase of autonomous borrowing and ensure its sustainability. Thus, the need for a greater control because, otherwise, an indefinite feedback of budgetary deficits will take place.

1. INTRODUCCIÓN

O endebedamento público constitúe unha das posibles alternativas que posúen os gobernos subcentrais para cumprilos seus obxectivos presupostarios. O uso deste mecanismo de financiamento por parte das administracións subcentrais abre toda unha serie de complexas discusións político-económicas, como a súa incidencia macroeconómica sobre o gasto agregado e o tamaño do déficit do conxunto das administracións públicas.

Este mecanismo permite pospoñer no tempo o pagamento dos impostos. Precisamente esta circunstancia foi tratada con preocupación nas discusións doutrinarias acerca da translación da carga

da débeda. Non é este o momento de afondar no tema e parece suficiente admitir que a carga do endebadamento depende da maior ou menor diminución na formación privada do capital.

Adicionalmente, a existencia de carga sobre as xeracións futuras dependerá tamén do tipo de gasto que se financie, posto que se o gasto adicional consiste en capital só existirá carga se os impostos reducen a utilidade das xeracións futuras por riba do aumento de benestar xerado polo investimento público cuns beneficios que se distribúen ó longo do tempo. De aí a prescrición clásica de financiar con débeda os gastos de investimento. Debe subliñarse, sen embargo, que esta especie de axioma é insostible se a débeda afecta de modo relevante ó aforro.

Outra cuestión importante é a que liga as sucesivas emisións de débeda ó seu sostemento. Se a política de administración do endebadamento se diseña de tal modo que emisións sucesivas teñen como finalidade facer fronte ó servizo da débeda anterior, podería chegarse no límite ó que algúns chaman explosividade do endebadamento.

Sen embargo, unha política de endebadamento permanente é sostible se o volume de débeda en circulación medra a longo prazo a un ritmo inferior ou igual ó da taxa de crecemento da renda nacional. Que unha política de débeda sexa sostible ou non, é importante por motivos variados: a tendencia á explosividade introduce incerteza na economía, xera expectativas inflacionistas e, en definitiva, inestabilidade.

Á marxe dos impactos distributivos e macroeconómicos das emisións de débeda, debe seguir prestándose unha máxima atención á súa administración, é dicir, ás políticas que combinan de modo eficiente o vencemento e o custo de rédito. Ó noso xuízo toda política de administración de débeda debe solucionar aquela estrutura de vencementos que minimicen o custo de rédito.

Partindo das premisas xa apuntadas, pretendemos analiza-la realidade actual do endebadamento das Comunidades Autónomas de réxime común, por un lado, e establecer unha previsión a través de simulacións financeiras do futuro desta vía de financiamento, polo outro. O instrumento que utilizaremos para efectuar esta análise é un modelo financeiro que, unha vez definidas determinadas variables, nos permitirá establecer un diagnóstico da futura sanidade financeira das

distintas Comunidades Autónomas de réxime común. O escenario será o comprendido entre os anos 1992-2000.

2. O CONTROL DO ENDEBADAMENTO

O uso de endebadamento figura entre os recursos que a Constitución española recoñece ás comunidades autónomas. Esta fonte de ingresos está regulada pola LOFCA, que indica as características e os requisitos que debe cumprir.

Polo que se refire ás características, a LOFCA efectúa a distinción entre operacións por prazo inferior ó ano —que deben destinarse a facer fronte ás necesidades transitorias de tesourería— e as operacións por prazo superior a un ano que deben destinarse obrigatoriamente a financiar gastos de investimento. Ademais, deben axustarse ó límite máximo que resulte dunha carga financeira anual por amortización e xuros que non debe supera-lo vintecinco por cento dos ingresos correntes.

Atendendo á forma de concreción do endebadamento, a LOFCA efectúa a distinción entre o crédito exterior e emisións de débeda pública, por un lado, e o crédito interior, polo outro. As primeiras requiren a autorización do Estado, característica que non revisten as operacións de crédito interior.

Na literatura económica básica sobre Facenda Pública Subcentral e Federalismo Fiscal, algúns autores consideran necesario o control deste mecanismo de financiamento. Efectivamente, tanto no referente á cuestión da equidade interxeracional como ós resultados macroeconómicos do gasto subcentral financiado con préstamos, o control é necesario. Existe unha formulación teórica en favor de utilizar impostos ou taxas para financia-lo gasto corrente por razóns de equidade intertemporal, e en favor de utiliza-lo endebadamento externo para financia-lo gasto de capital. O préstamo debe amortizarse de forma que a proporción das taxas e impostos para o pagamento de xuros e amortizacións de calquera período sexan iguais á proporción dos beneficios totais de que gozan durante o período.

Pigou (1962), referíndose ó endebadamento das facendas subcentrais, indica que cando se emite un empréstito habería que dar probas fide-

dignas da capacidade e o propósito de arbitrar medios suficientes para cubri-lo pagamento dos réditos, e dunha amortización razoable mediante a exacción de novos impostos.

Pola súa parte, Daly (1969), respecto ós efectos da migración (mobilidade dos cidadáns dunha xurisdicción subcentral como resposta a diferenzas fiscais entre distintas xurisdiccións) sobre a equidade intertemporal, sostén que un aumento da emisión de débeda subcentral tería o mesmo efecto ca un aumento dos impostos (ou taxas); ámbolos dous recaerían totalmente sobre os cidadáns iniciais da xurisdicción local.

Oates (1977) atribúe á débeda do goberno subcentral o papel de financia-los seus proxectos de investimento, en contra do papel da débeda para o goberno central que será o de regula-lo nivel de demanda agregada.

Musgrave e Musgrave (1976) aducen que, como sucede no caso do goberno central, a carga dos impostos subcentrais recae principalmente sobre a xeración actual, mentres que a carga do endebedamento externo se estende ás xeracións futuras.

Wagner (1970), ante a posibilidade de que as xurisdiccións subcentrais estiveran tentadas a emitir débeda en exceso e gastaran ata niveis máis elevados dos eficientes, cre necesarias políticas de intervención xerais que regulen as cantidades totais que poden financiar por medio do endebedamento e os períodos máximos de amortización das emisións. Así se utilizarían os impostos e as taxas para o gasto corrente e os préstamos para calquera proxecto, de tal forma que a proporción de réditos totais e das anualidades de amortización foran iguais á proporción dos beneficios totais do proxecto.

Pogue (1970) descubriu que as restriccións constitucionais sobre o uso da débeda pública subcentral parece que tiveron algúns efectos sobre niveis baixos de gasto local.

D. King (1984), negando o suposto de Daly, sostén que a equidade interxeracional só se obterá se o gasto corrente se financia mediante impostos ou taxas, e se os proxectos de capital se financian mediante préstamos que se reembolsen. Estes requisitos son necesarios non só para garanti-la equidade senón tamén para desalenta-lo gasto e os niveis de débeda excesivos.

O seguimento das políticas de endebedamen-

to das Comunidades Autónomas en España corresponde ó Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF). Sen embargo, o motor das primeiras recomendacións nesta materia por parte do CPFF refírense a temas como prazos de amortización, banda de fluctuación dos tipos de xuros respecto á débeda do Estado e o momento temporal da emisión (Ortuño, 1987).

Por maior abastanza, os límites fixados na LOFCA relativos ó endebedamento autonómico carecen de operatividade (Monasterio, 1991), xa que non van acompañados de mecanismos de sanción para aquelas Comunidades Autónomas que os incumpren, e algunha así o fixo.

O acordo sobre financiamento autonómico de xaneiro de 1992, ante a situación de déficit crecente e acumulación de débeda que presentaban as Comunidades Autónomas, previu a elaboración dun escenario de validación presupostaria, para o conxunto do sector público, que permitira a redución das necesidades de financiamento.

Así mesmo, os acordos de Maastricht sobre converxencia condicionan aínda máis as políticas orzamentarias dos diferentes niveis de facenda. Condicionamento que pasa por unha necesaria restricción dos niveis de déficit e endebedamento de todo o sector público, dentro do cal desempeña un importante papel o nivel autonómico.

3. ENDEBEDAMENTO E SISTEMA DE FINANCIAMENTO

A articulación do período transitorio de financiamento das Comunidades Autónomas, tanto dende o punto de vista do volume total de recursos como dende o da súa distribución, lexitimou a utilización do endebedamento como mecanismo financeiro corrector da insuficiencia financeira.

A adopción do criterio do custo efectivo neste período significou establecer unha estreita vinculación entre déficit e endebedamento. Así mesmo, os distintos tipos de ingresos viñan vinculados a unhas finalidades preestablecidas, de forma que as Comunidades Autónomas carecían de fondos para financiar determinadas áreas de gasto, agás acudir a un incremento da presión fiscal, difícil, dada a escasa importancia das figuras tributarias de titularidade autonómica.

Posteriormente, o procedemento utilizado no

mal chamado “período definitivo” permitiu superar algúns dos problemas existentes no período transitorio, como a falta de automatismo e o condicionamento do gasto. Sen embargo, o endebedamento continuou sendo unha das principais fontes de ingresos, posto que as comunidades relativamente ricas sentían unha especial necesidade de recursos para a realización de investimentos novos ligados ás competencias transferidas, mentres que nas máis pobres a insuficiencia se manifestaba na inexistencia de suficientes medios financeiros para apoia-los seus programas de investimento.

Ante a necesaria e previsible reforma do sistema de financiamento, concorren na mesa de negociación decisións de aumenta-lo gasto e o endebedamento, por un lado, e o especial trato que se podería dispensar ó máis endebedado, por outro, como xa ocorreu na recente historia coas corporacións locais (Lei 9/83 sobre operacións de liquidación de débedas ou Lei 50/84 de saneamento das facendas locais).

4. O MODELO FINANCEIRO

O modelo que utilizamos é, basicamente, unha simulación financeira que parte das necesidades de financiamento (NF_t) de cada unha das Comunidades Autónomas de réxime común no ano t . Esta variable é igual ó aforro público (AH_t) máis os ingresos de capital (ICp_t) menos os gastos de capital (Gcp_t) menos os réditos (INT_t).

$$NF_t = AH_t + ICp_t - Gcp_t$$

$$AH_t = ICo_t - GCo_t - INT_t$$

$$NF_t = ICo_t - GCo_t - INT_t + ICp_t - Gcp_t$$

onde ICo_t son os ingresos correntes e GCo_t son os gastos correntes, en ámbolos dous casos, do período t .

Unha vez obtida a necesidade de financiamento neto, as emisións brutas globais para realizar por cada Comunidade Autónoma no ano t (EB_t) calcúlanse engadindo á necesidade de financiamento do ano (NF_t), as amortizacións previstas no período t (AM_t). É dicir:

$$EB_t = NF_t + AM_t$$

Dados uns supostos sobre evolución de tipos de xuros e política de amortizacións, a simulación permite calcula-lo volume de emisións brutas necesarias para cubrir-lo endebedamento previsto e á súa carga de réditos asociada. Para iso establecéronse os seguintes supostos:

a) *Suposto sobre política de amortización:*

Entre os supostos sobre política de amortización establecéronse cinco anos para as Comunidades de Aragón e Castela-León e dez para o resto de comunidades de réxime común. Os prazos de amortización obtéñense a través dunha análise das políticas de amortización dos pasivos financeiros durante o período 1979-1991².

$$AMPF_{t,n=5} = \frac{PFAC_{t-1}}{n} \quad t = 1, 2 \dots$$

para as comunidades de Aragón e Castela-León.

$$AMPF_{t,n=10} = \frac{PFAC_{t-1}}{n} \quad t = 1, 2 \dots$$

para o resto de Comunidades Autónomas de réxime común; onde $PFAC$ son os pasivos financeiros acumulados e $AMPF$ é a amortización de pasivos financeiros.

b) *Supostos sobre os tipos de rédito:*

Na simulación financeira supoñemos unha evolución dos tipos de rédito constante, aplicando o tipo medio ($r_{87/91}$) do período 1987/91³.

$$r_{87/91,n=5} = \frac{r_{87} + r_{88} + r_{89} + r_{90} + r_{91}}{n}$$

$$INT_{t,n=5,n=10} = \frac{PFAC_{t-1} * r_{87/91} * n}{100}$$

c) *Supostos sobre crecemento presupostario:*

Para o cálculo do crecemento presupostario do período 1992-1996 utilizouse a fórmula do crecemento promedio anual acumulativo ($CPAA$) do período 1987-91, supoñendo como hipótese que ningunha Comunidade Autónoma alcanzará a curto prazo o teito competencial que marca o seu respectivo Estatuto, aínda que si se irá camiñando cara á homoxeneización dos niveis competenciais.

Sendo:

$$p_1 = \% \text{ CPAA } IC_o$$

$$p_2 = \% \text{ CPAA } IC_p$$

$$p_3 = \% \text{ CPAA } GCo$$

$$p_4 = \% \text{ CPAA } GCp$$

Así:

$$ICo_t = p_1 ICo_{t-1} \quad t = 1, \dots, n$$

$$ICp_t = p_2 ICp_{t-1} \quad t = 1, \dots, n$$

$$GCo_t = p_3 GCo_{t-1} \quad t = 1, \dots, n$$

$$GCp_t = p_4 GCp_{t-1} \quad t = 1, \dots, n$$

Para o período 1997-2000 establécese un crecemento nominal do cinco por cento anual.

d) *Supostos sobre política de financiamento*: Suponse que as necesidades netas de financiamento das Comunidades Autónomas se cubren con emisións netas de pasivos financeiros⁴.

A fonte utilizada foi a Intervención Xeral da Administración do Estado a través da súa publicación *Cuentas de las Administraciones Públicas*. O modelo utiliza os presupostos liquidados e esta é a razón pola que o último ano do que se coñecen datos definitivos é 1991.

Respecto ás diferencias que poidan xurdir coa información confeccionada e publicada polo Banco de España, é preciso indicar que a nosa fonte presenta as cifras cando se inclúen nos presupostos liquidados, en tanto que o Banco de España as anota cando se efectúan as correspondentes transaccións comerciais. Así mesmo, hai que ter en conta que as Comunidades Autónomas uniprovinciais absorberon as antigas deputacións provinciais con tódolos seus servicios e, por conseguinte, cargas financeiras, por canto poden efectuar amortizacións que corresponden a emisións de débeda ou créditos subscritos na etapa anterior.

A evolución empírica do sostemento dos niveis de endebedamento dependerá da evolución dos ingresos correntes, gastos correntes, ingresos

de capital, gastos de capital, así como dos tipos de rédito.

Finalmente, e co fin de facer unha presentación o máis homoxénea posible, agrupáronse as distintas Comunidades Autónomas en tres grupos:

— *Grupo A*: Integrado por Andalucía, Canarias, Cataluña, Galicia e Valencia, todas elas con competencias amplias, entre as que cabe destacar a educación e a sanidade.

— *Grupo B*: Composto polas Comunidades Autónomas uniprovinciais que absorberon as competencias, funcións e débedas das extintas deputacións provinciais.

— *Grupo C*: Formado por Aragón, Extremadura, Castela-A Mancha e Castela-León.

5. ENDEBEDAMENTO AUTONÓMICO: PRESENTE E FUTURO

O cadro 1 mostra a emisión de pasivos financeiros por parte das quince Comunidades Autónomas de réxime común. Comeza no ano 1979, o que resulta significativo por aparecer nel as primeiras autonomías e preautonomías, e esténdese ata 1991, último ano do que polo momento hai elaborada información de carácter definitivo. Así mesmo, os cadros 2 ó 6 mostran a evolución dos presupostos das Comunidades Autónomas, tomando como base o ano 1984: ingresos correntes, gastos correntes, ingresos de capital, gastos de capital e endebedamento.

Á vista desta información, podemos observalo importante incremento experimentado nos últimos anos polo endebedamento das Comunidades Autónomas. Así, a débeda multiplícase por trinta e cinco no período 1982-1991. Ademais, o incremento no uso desta vía de financiamento é xeneralizado para tódalas Comunidades Autónomas de réxime común, aínda que con distinta intensidade.

Así, o cadro 5 sinala que foron as comunidades de Madrid, Baleares, Aragón, Castela-León e Extremadura as que viron medrar os seus gastos de capital en maior medida. Madrid multiplicou os seus investimentos de 1984 por vintedous; Castela-León, Castela-A Mancha, Extremadura e Baleares por dez; Murcia por oito; Castela-A Mancha, Andalucía e Valencia por sete; Galicia por seis; Cataluña e Asturias por cinco; Cantabria por catro e Canarias por tres.

Endebadamento autonómico: Presente e futuro

PASIVOS FINANCEIROS 79/91	1979		1980		1981		1982		1983		1984		1985		1986	
	mill ptas	%	mill ptas	%	mill ptas	%	mill ptas	%	mill ptas	%	mill ptas	%	mill ptas	%	mill ptas	%
Grupo A	250	100,0	53	100,0	9.556	100,0	13.884	72,2	30.783	84,8	46.777	85,4	101.046	86,2	124.515	70,7
Andalucía	0	0,0	50	94,3	0	0,0	6.750	35,1	2.195	6,0	10.415	19,0	13.521	11,5	14.519	8,2
Canarias	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	4.999	9,1	5.701	4,9	10.000	5,7
Cataluña	250	100,0	0	0,0	9.541	99,8	7.134	37,1	24.785	68,3	26.363	48,1	69.250	59,1	84.421	47,9
Galicia	0	0,0	3	5,7	15	0,2	0	0,0	3.616	10,0	0	0,0	5.500	4,7	1.800	1,0
Valencia	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	187	0,5	5.000	9,1	7.074	6,0	13.775	7,8
Grupo B	0	0,0	0	0,0	0	0,0	5.344	27,8	5.524	15,2	4.535	8,3	9.279	7,9	45.647	25,9
Asturias	0	0,0	0	0,0	0	0,0	520	2,7	2.255	6,2	2.000	3,7	1.215	1,0	2.000	1,1
Baleares	0	0,0	0	0,0	0	0,0	213	1,1	0	0,0	900	1,6	1.200	1,0	200	0,1
Cantabria	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	369	0,7	2.052	1,8	3.622	2,1
Madrid	0	0,0	0	0,0	0	0,0	3.751	19,5	1.336	3,7	343	0,6	2.271	1,9	27.087	15,4
Murcia	0	0,0	0	0,0	0	0,0	100	0,5	1.847	5,1	802	1,5	2.170	1,9	11.447	6,5
A Rioxa	0	0,0	0	0,0	0	0,0	760	4,0	86	0,2	121	0,2	371	0,3	1.291	0,7
Grupo C	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	3.468	6,3	6.873	5,9	5.951	3,4
Aragón	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	1.000	0,9	1.500	0,9
Castela-A Mancha	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	2.000	3,7	849	0,7	1.390	0,8
Castela-León	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	1.468	2,7	3.024	2,6	3.061	1,7
Estremadura	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	2.000	1,7	0	0,0
Total CC.AA. réx.común	250	100	53	100	9.556	100	19.228	100	36.307	100	54.780	100	117.198	100	176.113	100

PASIVOS FINANCEIROS	1987		1988		1989		1990		1991	
	mill ptas	%	mill ptas	%	mill ptas	%	mill ptas	%	mill ptas	%
Grupo A	124.179	79,6	121.041	60,2	226.883	60,1	329.118	64,5	514.592	74,3
Andalucía	20.877	13,4	31.754	15,8	66.694	17,7	91.595	17,9	131.782	19,0
Canarias	3.600	2,3	5.000	2,5	8.466	2,2	25.320	5,0	14.098	2,0
Cataluña	89.370	57,3	69.349	34,5	122.743	32,5	129.554	25,4	224.088	32,4
Galicia	0	0,0	0	0,0	7.000	1,9	36.997	7,2	84.496	12,2
Valencia	10.332	6,6	14.938	7,4	21.980	5,8	45.652	8,9	60.128	8,7
Grupo B	29.416	18,9	71.717	35,7	113.408	30,0	121.449	23,8	105.407	15,2
Asturias	2.965	1,9	5.000	2,5	7.800	2,1	15.209	3,0	18.243	2,6
Baleares	454	0,3	2.000	1,0	10.003	2,6	6.695	1,3	4.406	0,6
Cantabria	5.673	3,6	19.530	9,7	9.156	2,4	15.557	3,0	10.878	1,6
Madrid	18.733	12,0	37.875	18,8	55.388	14,7	60.982	11,9	56.316	8,1
Murcia	1.105	0,7	4.830	2,4	26.128	6,9	16.338	3,2	14.502	2,1
A Rioxa	486	0,3	2.482	1,2	4.933	1,3	6.668	1,3	1.062	0,2
Grupo C	2.405	1,5	8.206	4,1	37.502	9,9	59.896	11,7	72.447	10,5
Aragón	2.000	1,3	0	0,0	5.800	1,5	25.420	5,0	29.800	4,3
Castela-A Mancha	381	0,2	1.315	0,7	10.702	2,8	215	0,0	9.294	1,3
Castela-León	24	0,0	6.841	3,4	21.000	5,6	31.161	6,1	29.831	4,3
Estremadura	0	0,0	50	0,0	0	0,0	3.100	0,6	3.522	0,5
Total CC.AA. réx.común	156.000	100	200.964	100	377.793	100	510.463	100	692.446	100

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 1.- Pasivos financeiros 79/91

CRECEMENTOS PRESUPUESTARIOS	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
Ingresos correntes Base 1984=100								
Grupo A								
Andalucía	100	73	93	134	212	286	321	352
Canarias	0	100	121	194	227	262	270	304
Cataluña	100	111	133	181	197	232	283	306
Galicia	100	108	139	170	218	249	297	479
Valencia	100	130	194	253	439	538	604	693
Grupo B								
Asturias	100	148	223	279	299	317	352	383
Baleares	100	154	198	269	305	386	479	541
Cantabria	100	216	235	300	359	397	510	522
Madrid	100	171	240	294	333	386	500	561
Murcia	100	144	176	230	286	342	388	429
A Rioxa	100	144	193	270	282	311	392	423
Grupo C								
Aragón	100	139	205	269	318	386	433	447
Castela-A Mancha	100	170	216	293	336	393	469	552
Castela-León	100	193	259	330	404	444	553	576
Extremadura	100	226	280	416	475	530	654	716

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 2.- Crecementos presupostarios. Ingresos correntes

CRECEMENTOS PRESUPUESTARIOS	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
Gastos correntes Base 1984=100								
Grupo A								
Andalucía	100	128	158	179	196	274	326	287
Canarias	0	100	88	82	99	120	159	211
Cataluña	100	86	111	127	125	132	208	246
Galicia	100	131	189	131	160	231	232	328
Valencia	100	124	185	137	169	248	282	329
Grupo B								
Asturias	100	127	103	94	113	127	151	239
Baleares	100	233	217	264	112	62	179	157
Cantabria	100	162	75	163	85	142	44	79
Madrid	100	353	749	419	624	1.633	1.589	1.633
Murcia	100	271	196	307	595	705	668	794
A Rioxa	100	144	116	82	80	108	127	133
Grupo C								
Aragón	100	94	169	167	164	159	163	200
Castela-A Mancha	100	94	259	319	353	435	501	525
Castela-León	100	145	175	125	145	190	274	310
Extremadura	100	74	115	122	92	183	280	207

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 3.- Crecementos presupostarios. Gastos correntes

CRECEMENTOS PRESUPOSTARIOS Ingresos capital Base 1984=100	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
	Grupo A							
Andalucía	100	68	87	116	213	260	315	356
Canarias	0	100	123	170	201	225	252	301
Cataluña	100	118	139	173	188	220	262	298
Galicia	100	116	152	173	213	253	313	539
Valencia	100	124	187	216	376	491	578	632
Grupo B								
Asturias	100	124	166	198	222	248	256	303
Baleares	100	136	174	217	224	280	326	430
Cantabria	100	219	266	324	379	467	628	757
Madrid	100	179	286	319	400	493	619	689
Murcia	100	151	180	198	268	335	407	471
A Rioxa	100	138	189	222	254	299	372	480
Grupo C								
Aragón	100	140	189	219	246	301	359	442
Castela-A Mancha	100	147	190	225	255	296	337	402
Castela-León	100	136	174	217	224	280	326	430
Extremadura	100	136	174	217	224	280	326	430

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 4.- Crecementos presupostarios. Ingresos capital

CRECEMENTOS PRESUPOSTARIOS Gastos capital Base 1984=100	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
	Grupo A							
Andalucía	100	216	285	296	439	623	800	783
Canarias	0	100	70	125	171	186	288	344
Cataluña	100	147	171	217	250	302	412	504
Galicia	100	171	155	174	282	431	472	649
Valencia	100	207	283	179	313	390	538	723
Grupo B								
Asturias	100	86	202	282	252	299	428	511
Baleares	100	308	421	547	329	516	737	1.037
Cantabria	100	135	139	317	351	564	631	453
Madrid	100	400	823	854	1.020	1.755	1.806	2.203
Murcia	100	266	333	348	476	774	891	865
A Rioxa	100	149	67	90	261	324	435	553
Grupo C								
Aragón	100	181	310	399	439	520	818	1.166
Castela-A Mancha	100	124	291	386	443	603	549	792
Castela-León	100	308	421	547	329	516	737	1.037
Extremadura	100	308	421	547	329	516	737	1.037

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 5.- Crecementos presupostarios. Gastos capital

CRECEMENTOS PRESUPOSTARIOS		1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
Endebadamento Base 1984=100									
Grupo A									
Andalucía		100	130	139	200	305	640	879	1.265
Canarias		0	100	175	63	88	149	444	247
Cataluña		100	263	320	339	263	466	491	850
Galicia		100	152	50	0	0	194	1.023	2.337
Valencia		100	141	276	207	299	440	913	1.203
Grupo B									
Asturias		100	61	100	148	250	390	760	912
Baleares		100	133	22	50	222	111	744	490
Cantabria		100	556	982	1.537	5.293	2.481	4.216	2.948
Madrid		100	662	7.897	5.462	11.031	16.148	17.779	16.418
Murcia		100	271	1.427	138	602	3.258	2.037	1.808
A Rioxa		100	307	1.067	402	2.051	4.077	5.511	878
Grupo C									
Aragón		100	100	150	200	0	580	2.542	2.980
Castela-A Mancha		100	42	70	19	66	535	11	465
Castela-León		100	206	209	2	466	1.431	2.123	2.032
Extremadura		100	100	0	0	3	0	155	176

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 6.- Crecementos presupostarios. Endebadamento

Se estes datos os comparamos cos do endebedamento, vemos que son aquelas Comunidades Autónomas con crecementos presupostarios moi elevados nos seus investimentos as que incrementan dunha forma espectacular os seus pasivos financeiros. No cadro 6 vemos que Madrid multiplica o seu endebedamento por cento sesenta e catro, Castela-León por vinte, Aragón por vinte-cinco. O caso de Madrid debe, sen embargo, ser estudiado de forma individual, pois é a única Comunidade Autónoma de entre as de réxime común que non ten tributos cedidos.

Os cadros 7 e 8 conteñen as cifras estimadas de emisión de pasivos financeiros, segundo o modelo financeiro para o período 1992-2000. De evoluciona-lo crecemento presupostario segundo o escenario financeiro, as emisións estimadas elevaríanse no ano 2000 ós dezaseis billóns de pesetas, cuns pasivos financeiros acumulados en torno ós cincuenta e cinco billóns.

Os cadros 9 e 10 mostran o ratio estimado "Carga financeira/Ingresos correntes" para o conxunto das comunidades de réxime común. Os datos expostos permiten adiviña-las grandes dificultades financeiras que xa posúen e é plausible afirmar que continuarán nas Comunidades Autó-

nomas uniprovinciais. Asturias en 1994, Cantabria en 1994, Madrid en 1994, Murcia en 1994 e A Rioxa en 1993 alcanzarán o límite do vinte-cinco por cento.

Así mesmo, cómpre subliña-la "relativa" saúde financeira de que gozan as Comunidades Autónomas do Grupo A, todas elas con ratios baixos; entre o 1,60 de Canarias en 1991, ó 3,51 de Cataluña. Non obstante, a longo prazo e en función da estimación, alcanzarán o máximo legal ó finaliza-lo século, agás Valencia e Cataluña.

Pola súa parte, Aragón, cun ratio de 34,34 en 1992 e Castela-León con 39,98 en 1993 son as dúas Comunidades Autónomas do Grupo C que antes sobrepasarán o límite do vinte-cinco por cento. Non obstante, debemos facer notar que estimamos para estas dúas comunidades unha amortización de cinco anos, e son precisamente as que teñen un comportamento máis explosivo nos dous últimos anos: 1990 e 1991. Así, en 1990 a emisión de pasivos financeiros de Castela-León elevouse a 31.161 millóns de pesetas e a de Aragón a 25.420 millóns, mentres que para 1991 os datos son de 31.161 e 29.800 millóns, respectivamente.

Endebadamento autonómico: Presente e futuro

PASIVOS FINANCIEROS Previsión 1992-2000	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Grupo A	899.412	1.462.527	2.295.743	3.511.987	5.268.524	6.356.661	7.842.651	9.630.919	11.791.185
Andalucía	382.467	643.809	1.034.984	1.610.365	2.445.161	3.005.541	3.905.099	5.042.362	6.480.568
Canarias	70.295	110.657	166.587	243.021	346.344	423.249	511.732	613.375	729.971
Cataluña	189.973	265.932	365.075	493.533	658.961	763.449	877.283	1.001.168	1.135.859
Galicia	149.121	252.060	409.221	645.404	995.928	1.198.574	1.425.874	1.680.441	1.965.147
Valencia	107.555	190.069	319.876	519.663	822.131	965.848	1.122.664	1.293.573	1.479.640
Grupo B	259.371	361.647	497.046	675.872	912.033	1.096.192	1.306.870	1.547.675	1.822.703
Asturias	22.352	28.019	34.340	41.200	48.392	56.391	65.368	75.434	86.708
Baleares	20.919	28.480	37.837	49.358	63.481	77.224	93.202	111.752	133.264
Cantabria	27.284	37.358	50.368	67.131	88.679	102.883	118.415	135.381	153.893
Madrid	136.890	184.759	244.421	317.216	403.840	483.532	574.801	679.197	798.468
Murcia	30.573	43.707	61.454	85.203	116.726	136.367	157.951	181.644	207.621
A Rioxa	21.352	39.324	68.627	115.764	190.914	239.795	297.132	364.267	442.749
Grupo C	1.80.087	308.195	506.759	809.920	1.267.951	1.598.238	1.974.928	2.443.741	2.990.220
Aragón	56.353	88.066	132.836	195.095	280.667	347.879	423.743	509.219	605.366
Castela-A Mancha	26.368	40.396	59.398	84.795	118.368	144.650	174.947	249.846	349.165
Castela-León	95.120	174.708	305.421	515.148	846.048	1.078.865	1.345.050	1.648.749	1.994.598
Extremadura	2.245	5.026	9.105	14.883	22.868	26.845	31.188	35.927	41.091
Total CC. AA	1.338.869	2.132.370	3.299.548	4.997.779	7.448.508	9.051.091	11.124.450	13.622.334	16.604.108

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 7.- Pasivos financeiros, Previsión 1992-2000 (en millóns de pesetas)

PASIVOS FINANCIEROS ACUMULADOS Previsión 1992-2000	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Grupo A	1.811.926	3.093.260	5.079.677	8.083.696	12.543.850	17.646.126	23.724.165	30.982.667	39.675.585
Andalucía	710.975	1.283.687	2.190.303	3.581.638	5.668.634	8.107.313	11.201.680	15.123.873	20.092.054
Canarias	133.691	230.979	374.467	580.042	868.382	1.204.792	1.596.045	2.049.816	2.574.805
Cataluña	452.258	672.965	970.743	1.367.202	1.889.443	2.463.947	3.094.835	3.786.520	4.543.727
Galicia	269.039	494.195	853.996	1.414.000	2.268.528	3.240.249	4.342.099	5.588.329	6.994.644
Valencia	245.962	411.435	690.168	1.140.814	1.848.863	2.629.825	3.489.506	4.434.128	5.470.356
Grupo B	650.775	947.345	1.349.656	1.890.563	2.613.540	3.448.377	4.410.410	5.517.044	6.788.043
Asturias	62.091	83.901	109.850	140.066	174.451	213.397	257.426	307.117	363.113
Baleares	42.252	66.507	97.694	137.282	187.035	245.555	314.201	394.533	488.344
Cantabria	67.890	98.459	138.981	192.214	261.671	338.387	422.964	516.048	618.336
Madrid	360.451	509.164	702.669	949.618	1.258.497	1.616.179	2.029.362	2.505.623	3.053.529
Murcia	82.110	117.606	167.299	235.773	328.922	432.396	547.108	674.041	814.259
A Rioxa	35.981	71.707	133.163	235.611	402.964	602.462	839.348	1.119.681	1.450.462
Grupo C	332.306	579.730	980.207	1.609.633	2.579.617	3.697.620	4.982.293	6.494.530	8.272.881
Aragón	106.903	173.588	271.707	412.460	610.635	836.386	1.092.852	1.383.501	1.712.167
Castela-A Mancha	47.624	83.257	134.329	205.691	303.490	417.791	550.959	745.709	1.020.303
Castela-León	168.504	309.511	553.030	957.572	1.612.105	2.368.549	3.239.890	4.240.661	5.387.126
Extremadura	9.275	13.374	21.141	33.909	53.387	74.893	98.592	124.660	153.285
Total CC. AA	2.795.007	4.620.335	7.409.540	11.583.891	17.737.007	24.792.123	33.116.867	42.994.241	54.736.509

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 8.- Pasivos financeiros acumulados. Previsión 1992-2000 (en millóns de pesetas)

LIMITACIÓN LOFCA: CARGA FINANC./INGR CORR.	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990
Grupo A	0,39	0,87	0,57	0,52	0,90	1,46	1,48	1,34	1,38	1,79
Andalucía	1,90	2,26	1,04	0,31	0,61	0,89	0,72	0,67	0,91	2,02
Canarias	0,00	0,00	0,00	0,09	0,85	1,92	1,82	1,58	1,36	1,62
Cataluña	0,06	1,30	1,80	1,82	2,59	3,18	3,37	2,97	3,40	3,11
Galicia	0,00	0,07	0,00	0,40	0,44	0,86	0,70	0,59	0,48	1,29
Valencia	0,00	0,74	0,00	0,00	0,00	0,45	0,80	0,87	0,76	0,92
Grupo B	0,32	6,49	7,09	5,55	4,08	4,10	3,92	4,12	5,64	8,31
Asturias	0,00	5,50	4,89	5,08	3,12	3,99	3,28	2,87	3,49	4,99
Baleares	1,90	5,31	4,13	2,81	3,11	4,03	2,90	2,37	2,26	3,29
Cantabria	0,00	9,67	9,07	7,29	5,58	5,40	5,82	7,01	9,97	16,87
Madrid	0,00	4,02	4,89	4,23	2,27	1,35	1,51	3,93	6,82	7,79
Murcia	0,00	4,63	9,58	7,46	5,70	5,95	7,37	6,79	8,69	11,92
A Rioja	0,00	9,81	9,97	6,41	4,72	3,88	2,63	1,75	2,62	5,01
Grupo C	0,00	0,00	0,00	0,00	0,73	0,96	1,42	1,03	1,18	1,75
Aragón	0,00	0,00	0,00	0,00	0,98	1,22	1,88	0,92	1,85	2,02
Castela-A Mancha	0,00	0,00	0,00	0,00	1,27	0,88	0,90	0,80	0,92	2,38
Castela-León	0,00	0,00	0,00	0,00	0,66	1,14	1,45	1,20	1,21	1,59
Extremadura	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,60	1,43	1,19	0,74	0,99

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 9.- Limitación LOFCA: Carga financeira / Ingresos correntes

LIMITACIÓN LOFCA: CARGA FINANC./INGR CORR.	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Grupo A	2,47	4,74	7,21	10,32	14,08	18,52	27,04	36,05	45,83	56,49
Andalucía	3,07	5,53	8,46	12,00	16,08	20,65	31,13	42,40	55,79	71,74
Canarias	1,60	6,98	11,84	18,29	26,51	36,70	52,33	69,15	87,24	106,71
Cataluña	3,51	3,74	5,10	6,66	8,43	10,41	13,70	17,02	20,36	23,72
Galicia	2,47	4,48	6,98	9,88	13,18	16,83	25,72	34,99	44,65	54,73
Valencia	1,69	2,95	3,67	4,77	6,22	7,99	12,34	16,71	21,12	25,56
Grupo B	12,50	19,96	28,82	40,25	55,05	74,34	107,70	143,84	183,00	225,48
Asturias	8,09	18,46	23,99	29,96	36,25	42,71	50,66	59,02	67,81	77,05
Baleares	9,06	18,99	28,43	37,59	46,37	54,72	71,00	88,77	108,18	129,37
Cantabria	22,30	18,96	24,82	31,33	38,48	46,32	60,05	73,96	88,04	102,30
Madrid	8,82	21,03	25,96	31,19	36,62	42,09	53,13	64,98	77,71	91,38
Murcia	15,02	18,72	22,98	28,18	34,33	41,42	55,03	68,90	83,02	97,41
A Rioja	11,72	23,61	46,74	83,28	138,29	218,78	356,36	507,41	673,26	855,36
Grupo C	2,61	16,98	26,07	39,04	56,63	79,84	119,92	162,25	206,99	255,41
Aragón	2,69	34,34	51,17	73,19	100,92	134,95	190,27	248,21	308,87	372,40
Castela-A Mancha	2,34	6,21	10,69	15,94	21,95	28,68	40,30	52,84	66,36	85,54
Castela-León	2,86	25,01	39,98	63,91	99,38	149,75	240,10	335,97	437,68	545,59
Extremadura	2,55	2,37	2,46	3,10	4,28	5,99	8,98	12,00	15,05	18,12

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 10.- Limitación LOFCA: Carga financeira / Ingresos correntes

O cadro 11 mostra a importancia que teñen os pasivos financeiros acumulados (PFAC) sobre a suma dos ingresos non financeiros: ingresos correntes máis ingresos de capital. En presenza destes cadros podemos observar novamente os grandes problemas financeiros que sufrirán algunhas Comunidades Autónomas a medio prazo, de continuarse cos actuais niveis de gasto e endebedamento. Respecto ó Grupo A, Canarias en 1996 e Andalucía e Galicia en 1998 situaranse en “quebra”, ó se-lo seu endebedamento acumulado superior á totalidade dos seus ingresos. Polo que respecta ó Grupo B, Asturias, Murcia e Cantabria en 1994, Baleares en 1997, Madrid en 1995 e A Rioxa en 1992 alcanzarán a mesma situación. O Grupo C presenta o seguinte panorama: Aragón en 1992, Castela-A Mancha en 1996 e Castela-León en 1993. As únicas Comunidades Autónomas que non presentarán esta característica durante o que queda de década son Valencia e Cataluña no Grupo A, e Estremadura no Grupo C.

turo fan necesarios controis máis estrictos. Tanto a normativa actual no referente ó endebedamento das Comunidades Autónomas en España, como a teoría da facenda pública nesta materia, cren necesario un control deste mecanismo de financiamento. Algúns autores como Monasterio (1994) propoñen controis máis estrictos no caso de superarse o topo do vinte e cinco por cento dos ingresos correntes. Sen embargo, neste punto non debemos esquecer que o lexislador tiña inicialmente previsto o límite no 15%, e non o actual 25%, e tampouco que toda cifra é arbitraria e, polo tanto, máis é froito dunha negociación política ca de fundamentos teóricos contrastables. Así mesmo, o escaso custo político que a C/P ten o recurso ó crédito, leva ás Comunidades Autónomas a utilizar este medio para mitiga-los seus déficits orzamentarios.

Finalmente, non debemos esquecer que os criterios de converxencia da Unión Europea obrigan a establecer cambios. España atópase no lí-

ENDEBED. ACUM. / / ING. CORR.+ ING.CAP.	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Grupo A	14,97	22,12	30,93	41,35	53,33	66,88	88,96	112,74	138,44	166,33
Andalucía	15,42	23,15	32,18	42,27	53,20	64,77	88,22	116,09	149,27	188,87
Canarias	17,64	29,49	44,87	64,04	87,33	115,07	152,04	191,82	234,63	280,69
Cataluña	13,84	18,79	24,47	30,88	38,06	46,02	57,15	68,37	79,67	91,05
Galicia	15,33	23,60	33,04	43,51	54,89	67,09	91,26	116,47	142,76	170,18
Valencia	12,64	15,59	20,11	26,02	33,16	41,44	56,14	70,94	85,85	100,87
Grupo B	54,66	75,12	100,46	131,70	170,22	217,93	288,66	365,02	447,52	536,71
Asturias	56,72	72,84	89,87	107,42	125,02	142,10	165,55	190,19	216,10	243,34
Baleares	27,12	40,14	52,42	63,82	74,37	83,71	104,67	127,55	152,53	179,81
Cantabria	65,32	82,36	99,95	117,90	136,09	154,42	190,18	226,40	263,07	300,20
Madrid	56,04	68,16	80,67	93,26	105,55	117,13	143,25	171,31	201,44	233,80
Murcia	65,51	78,01	92,69	109,29	127,55	147,21	184,31	222,10	260,60	299,82
A Rioxa	57,25	109,20	187,19	298,52	452,85	662,99	944,02	1.252,57	1.591,35	1.963,31
Grupo C	39,11	58,87	86,61	123,57	171,33	231,91	313,37	399,43	493,54	596,67
Aragón	75,05	109,53	153,33	206,79	270,32	344,42	449,29	559,10	674,09	794,51
Castela-A Mancha	18,55	32,10	48,14	66,65	87,55	110,83	145,30	182,49	235,24	306,53
Castela-León	52,74	83,43	131,97	203,04	302,65	438,59	613,70	799,49	996,62	1.205,77
Estremadura	10,11	10,41	13,01	17,82	24,78	33,81	45,17	56,64	68,20	79,87

FONTE: Intervención General de la Administración del Estado. Elaboración propia.

Cadro 11.- Endebedamento acumulado / Ingresos correntes + Ingresos capital (en %)

6. CONCLUSIÓN

A lexitimación no uso do endebedamento é incuestionable. Sen embargo, os niveis alcanzados así como as previsións de crecemento no fu-

mite do ratio Débeda/PIB (1993=55,6) e excede no de Déficit/PIB (1993=7,3).

Dado que dúas das orixes do uso do endebedamento por parte das facendas subcentrais son a insuficiencia do sistema de financiamento e a ilu-

sión fiscal que xera, o financiamento autonómico debería camiñar cara a cambios máis fondos, non só a nivel cuantitativo senón cualitativo. Posiblemente o segundo axioma traería consigo o primeiro. E o cambio máis profundo debería se-lo da "corresponsabilidade fiscal". Neste contexto, un elemento que comportaría maior autonomía financeira sería a vía do recargo no imposto sobre a renda, vía que permitiría corrixir-los elevados niveis de endebedamento, así como dotar dunha maior elasticidade ós ingresos correntes das Comunidades Autónomas. Desta forma verían incrementados os seus presupostos de ingresos, así como que se lles responsabilizaría máis fronte ós seus electores. Sen embargo, non debemos esquecer que parece pouco razoable que unha maior presenza do principio de corresponsabilidade fiscal evite o interese das distintas Comunidades Autónomas por acudir á devandita vía de financiamento. (Caramés, 1994); sen embargo, condicionará as súas decisións orzamentarias. Non obstante, debemos ter tamén en conta os niveis de endebedamento xa alcanzados, posto que a medio prazo poden hipoteca-las súas futuras políticas orzamentarias.

Ó noso entender sería aconsellable reducir, por unha parte, a capacidade dos gobernos subcentrais no uso do endebedamento, ben a través de modificacións técnico-xurídicas ou ben a través dun máis eficaz sistema de garantías configurado na LOFCA. Por outro lado, o financiamento autonómico debería camiñar cara a maiores niveis de corresponsabilidade fiscal, xa que é o único instrumento posible para facer efectiva unha maior autonomía financeira real. Unha última palabra sobre este punto: a reforma, como todas, ten que ser gradual e consensuada coas distintas Comunidades Autónomas.

Finalmente, non debemos esquecer que a través dunha análise individual, un aumento do orzamento de ingresos é interesante, sen mirar se este provén dun maior aforro público ou dun aumento do endebedamento. Pará o conxunto da comunidade, en cambio, non é indiferente: no primeiro caso, ela se beneficia; no segundo, pode chegar a ser unha maldición. Preséntase, pois, o dilema en canto a qué medidas se deben adoptar para dete-lo inexorable crecemento do endebedamento autonómico. Parece evidente que un dos elementos que hai que atacar é o orzamento: a contención do déficit e a racionalidade no gasto.

NOTAS

1. Agradezo o comentario efectuado polo profesor E. Pis á formulación do modelo financeiro.
2. Os prazos de amortización axustáronse en función do tipo de rédito establecido normalmente para este tipo de operacións financeiras. Aragón no ano 1990 presenta na partida de xuros de 949 millóns de pesetas sobre un pasivo financeiro acumulado de 34.556 millóns de pesetas. A un prazo de amortización de cinco anos obtense unha porcentaxe de rédito do 15,17 por cento. Pola súa parte, Castela-León presenta na partida de xuros no ano 1991, 2.863 millóns para un total acumulado de débeda de 91.730 millóns. De establecerse un prazo de amortización de 10 anos, o tipo de rédito real ascendería ó corenta por cento.
3. Non debemos esquecernos de que os tipos de xuro tiveron unha tendencia á baixa nos últimos anos. Non obstante, optamos, co fin de se-lo máis prudentes posible, por utiliza-la media aritmética dos últimos cinco anos cos que contamos de cifras definitivas.
4. Os últimos datos coñecidos sobre as operacións de endebedamento das Comunidades Autónomas son a utilización, no caso da comunidade de Galicia, de préstamos mobilizables en obrigas con períodos de amortización de cinco anos, renovables por outros cinco. Respecto á comunidade balear, emisión de débeda pública con vencemento a quince anos e amortización a partes iguais nos últimos catro anos a un tipo de xuro en torno ó nove e medio por cen.

BIBLIOGRAFÍA

- CARAMÉS VIÉITEZ, L. (1994): "La hacienda pública de Galicia: Evolución reciente", *Papeles de Economía Española*, Vol. 59, pp. 374-384.
- COLLINGS, R.A. (1977): "Optimality in Municipal Debt", *Public Finance Quarterly*, Vol. 5, pp. 117-126.
- DALY, G.C. (1969): "The Burden of the Debt and Future Generations in Local Finance", *Southern Economic Journal*, Vol. 36, N. 1, pp. 44-51.
- KING, D.N. (1984): *La economía de los gobiernos multinivel*, pp. 557-620. IEF.
- MUSGRAVE, R.A.; MUSGRAVE, P.B. (1976): *Hacienda pública teórica y aplicada*, pp. 150-220. IEF.
- OATES, W.E. (1977): *Federalismo fiscal*, pp. 207-219. Instituto de Estudios de la Administración Local.
- ORTUÑO SALAZAR, A. (1987): "El endeudamiento de

Endebadamento autonómico: Presente e futuro

- las Comunidades Autónomas”, *Papeles de Economía Española*, Vol. 33, pp. 318, 328.
- PIGOU, A.C. (1932): *The Economics of Welfare*, pp. 65-77. London.
- POGUE, T.F. (1970): “The Effect of Debt Limits: Some New Evidence”, *National Tax Journal*, Vol. 23, pp. 36-49.
- MONASTERIO ESCUDERO, C. (1994): “La evolución reciente de la hacienda autonómica”, *Papeles de Economía Española*, Vol. 59, pp. 240-245.
- WAGNER, R.E. (1970): “Optimality in local debt limitation”, *National Tax Journal*, Vol. 23, pp. 297-305.

